

POLA RECUPERACIÓN DOS NOSOS DEREITOS

As organización **sindicais CIG-SAÚDE, CCOO, CSIF, SAE, SATSE e UGT** que integramos a **Plataforma sindical en defensa dos nosos dereitos**, para que todas/os as/os traballadoras/es recuperemos os dereitos laborais e retributivos, roubados polo goberno do Sr Feijoo desde o ano 2010, **esiximos a convocatoria urxente da mesa sectorial**

Na reunión da mesa sectorial celebrada o día 2 de agosto do 2017, a petición da plataforma sindical, para intentar negociar co SERGAS un calendario de recuperación dos acordos suspendidos e a carreira profesional. A directora de RRHH díxonos que non nos podía dar información sobre os orzamentos do ano 2018.

A directora tampouco sabía, se desde a Consellaría de Sanidade se ía solicitar a incorporación, nos orzamentos do ano 2018, dunha partida orzamentaria para devolvernollos roubado. Ou se pola contra, en vez de solicitalo a consellaría de Sanidade, deixaban isto en mans da providencia. Ou da boa vontade do Conselleiro de Facenda.

Agora xa dispoñen desta información, xa teñen o proxecto de orzamentos.

Están obrigadas/os a dar esta información na mesa sectorial do SERGAS

Se o SERGAS non convoca a reunión da mesa sectorial, **demandaremos por vía xudicial a súa convocatoria.**

Non imos cesar até recuperar os nosos dereitos, convocaremos todas as mobilizacións, e exerceremos todas as medidas de presión para que o SERGAS negocie na mesa sectorial o seguinte.

ESIXIMOS NEGOCIAR:

- Un **CALENDARIO DE RECUPERACIÓN** de todos os acordos laborais e retributivos suspendidos desde o ano 2010.
- A nosa **CARREIRA PROFESIONAL.**

Se xa rematou a crise, o Sr Feijoo non pode seguir castigando ao persoal do SERGAS mantendo inxustamente a suspensións dos acordos, acordos lexitimamente negociados na mesa sectorial do SERGAS.

